



Mesa 1: *Evolución do uso da madeira no medio rural*

- A madeira constitúe un material natural empregado en Galicia, especialmente no medio rural. Tradicionalmente tratábase dun material empregado de maneira funcional por e para os habitantes das propias áreas rurais.
- O estudo do patrimonio etnográfico e as construcións tradicionais vai xerar oportunidades de aplicación de solucións á arquitectura actual e indubidables vantaxes medioambientais.
- A Madeira tamén é un material innovador onde poden ser aplicadas as técnicas máis modernas de deseño e fabricación e que conta cun ciclo de vida moito máis eficiente e respectuoso co medio.
- Ademais a madeira é un recurso renovable e xestionable no territorio, que pode ser reutilizable e reciclable en diversos usos ao longo da súa vida útil.
- O fomento do emprego de madeira tanto en usos construtivos como en outros usos, e tanto en vivenda residencial, turística ou en instalación vencelladas a explotacións agrogandeiras supón un elemento de competitividade do noso medio rural no futuro.
- Porén é necesario que a madeira sexa usada con responsabilidade evitando defectos de instalación ou deseño que podan poñer en perigo todas estas vantaxes.